

## ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

### ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos  
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS  
Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas  
Carmen Romero Casal, Xefa do Negociado de Selección e Provisión, (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE  
Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA  
Marcos Estévez Orge (CCOO)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO  
María Fariza Novoa (CCOO)  
José Santiago Santos García (UGT)

Acta da reunión celebrada ás 14:15 horas do día 18 de outubro de 2010, na sala de xuntas nº 1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- Aprobación do acta de data 19 de maio de 2010.**

Apróbbase por unanimidade a acta de data 19 de maio de 2010, coa modificación seguinte:

En lugar de:

*3. Se chega a acordo unánime sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal da administración e servizos da Universidade.*

Se poña:

*3. Infórmase sobre as contratacións realizadas no período que vai do 4 de decembro de 2009 ata o 19 de maio de 2010.*

#### **2º.- Informe sobre contratos temporais**

Infórmase sobre as contratacións temporais realizadas na Universidade no período que vai do 20 de maio ata o 18 de outubro de 2010, que se publican como anexo á Acta.

Luis Pérez fai as seguintes matizacións:

1. As contratacións referidas como TEB son de persoal Auxiliar Técnico de Servizos Xerais.
2. Solicita a inclusión das datas de remate das contratacións.
3. O contrato de Marcelino Meana Canteli non é de Técnico Superior de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica, senón de Técnico Especialista de TIC.
4. A resolución reitoral de 15 de xaneiro de 2010, pola que se convocou o proceso selectivo para a contratación temporal de técnicos superiores de I+D debeuse facer para a categoría de técnico superior de I+D+i, que é a praza que figura na RPT. A diferenza soamente é na xornada, que neste caso, é de mañá e tarde, e que afecta en futuros procesos de concursos de traslados. Expresa que debe buscarse unha solución a este caso.

### **3.- Rogos e preguntas.**

Non se fan rogos e preguntas, polo que acórdase rematar a reunión ás 14:30 horas.

A SECRETARIA,

Visto e praxe,

O PRESIDENTE